

CONSELLO DA CULTURA GALEGA  
GALLAECIAE MONUMENTA HISTORICA

1397, marzo, 28. Santiago

12

*O arcebispo, o deán e o cabido dan posesión dunha “raçoaría” a Gonçalvo Montoiro.*

Santiago, Arquivo da Catedral, *Tombo H*, folio 31v.

XXVIIIº días de março. Sábean todos <que> seendo o muyto honrrado padre e señor dom Johán Garçía Manrique, porla graça de Deus arçibispo de Santiago, perpetuum admjnistrador da iglleia e o bispado de Tuj, chançeler mayor de noso señor el Rey, e Gonçaluo Sanches, dayán ?na dita jglleia de Santiago, e o cabído da dita iglleia<sup>1</sup>, juntados ?no thesouro da dita igreja por tanjemento de canpaa segundo que han de custume en presenza de mjn, Afonso Eanes Jacob notario etcétera, e das testemoias etcétera. Entón o dito señor arçibispo, em hu? con o dito deán e cabído, fezo colaçón por seu barrete<sup>2</sup> a Gonçaluo Montoiro, fillo de Gonçaluo Rodrigues de Reyno, da rraçoaría que estaua vaca e vacou por renunçiaçón que dela<sup>3</sup> dezían que era feita por Rodrigo Aras, cóengo de santa María d’Iria de Padrón, rraçoeiro que fora dela. Esto fuj ?no dito lugar nos ditos día et ano. Testemoias: \Iohán Nunes d’Ysorna/, Iohán Afomso, garda do dito thesouro, e Gonçaluo Dominges e Fernán \de/ Uea, porteiros, e outros.

<sup>1</sup> Riscado: *seendo*.

<sup>2</sup> *Barrete* está sobreposto a unha palabra ilexible.

<sup>3</sup> Riscado: *fi*.